

Bloque 1

Unidade Didáctica 1

QUE É FILOSOFÍA



1.- A QUE CHAMAMOS FILOSOFÍA

A filosofía é explicación racional do mundo e de nós mesmos.

A súa orixe grega, etimolóxicamente significa:

Philos = amante, apaixonada ...

Sophia = sabedoría, coñecemento

Philosophia = paixón pola sabedoría

A filosofía é a paixón desinteresada polo saber. Non é un saber práctico, nin un saber pensado para solucionar algún problema concreto; única e exclusivamente é saber polo gusto de saber. Podemos dicir que é un esforzo metódico do pensamento por construír unha teoría universal e racional sobre a realidade.

2.- AREAS DA FILOSOFÍA

Este saber tan amplo pode clasificarse en distintas areas:

- **METAFÍSICA:** a parte máis abstracta e complexa. Metafísica é o estudo do Ser. O Ser é aquilo que está en tódolos seres (entes) e fainos ser pero non é ningún deles; nin sequera a suma de todos estes entes. Tampouco ningún destes seres é o Ser. O Ser non está en ningún outro sitio que nos seres, non hai ser fora dos entes.

- **EPISTEMOLOXÍA:** é a capacidade de coñecer do SH. Como coñecemos? Que coñecemos? Que fiabilidade ten o noso coñecemento? Ten límites o coñecemento? Coñecemos a Realidade? Ou só coñecemos a nosa realidade?

- ANTROPOLOXÍA: é o estudo do SH. Que somos os SH: materia, espírito e que relación hai entre eles.
- ESTÉTICA: é o estudo da experiencia estética. Unha reflexión filosófica sobre o obxecto estético, sobre o concepto de beleza, etc.
- ÉTICA: é unha reflexión filosófica sobre a moral (sobre os actos morais). Cales son as normas que guían os nosos actos? De onde veñen esas “normas”? Teñen carácter universal? Somos libres de seguilas?
- POLÍTICA: estuda as relacións dos Shs entre eles, como nos organizamos como sociedade civil? Que é o Estado? Cales son as súas institucións? Quen lexitima o seu poder? Cales son as formas de goberno?
- LÓXICA: é unha linguaxe formal igual cas matemáticas que pretende ser unha ferramenta de traballo.

3.- DO MITO AO LOGOS

A través destes dous conceptos intentamos explicar a orixe da filosofía e separamos as explicacións do SH antes e despois. Orixinariamente estes dous conceptos tiñan un significado moi similar e usábanse indistintamente para referirse a unha historia explicativa ou un relato. Pero sobre o século VI ane empezan a diferenciarse no seu uso. A partir dese momento:

3.1.- O MITO:

- Aplícase a unha explicación fantasiosa sobre as orixes do universo na que interveñen as forzas da natureza con formas antropomórficas: hai deuses e heroes con poderes sobrenaturais.
- Entremediase cousas máxicas
- Pretende un relato integral de todo o universo ao que chamamos **cosmogonías** (explicación do Cosmos)
- É de tradición oral, ninguén sabe de onde ven, pérdese na protohistoria
- Non hai ningún espírito crítico
- O relato é aleatorio e **continxente**: as cousas pasaron así pero poderían ter pasado de calquera outra maneira. Non hai normas nin regras. De feito no futuro nada ten porque ser como foi no pasado.
- Podemos dicir que a explicación redúcese ás actuacións caprichosas dos deuses.

3.2.- O LOGOS:

- É unha narración/explicación racional baseada na observación e na recollida de datos.
- Non hai personaxes fantásticos nin intervén a maxia.
- É crítica: pon en cuestión os argumentos e as fontes intentando identificar certezas e desechando o pouco fiable aínda que sexa tradición

- As súas explicación son **necesarias**: pasan así porque as leis así o din e non poden pasar de outra maneira; non están sometidas á arbitrariedade dos deuses.
- Non pretenden explicar totalidades

4.- O PENSAMENTO AO LONGO DOS SÉCULOS

(*Ver árbore do saber*)

4.1.- Filosofía clásica: inclúe o pensamento grego, romano e as Escolas Helenísticas ata o advenimento do cristianismo. O máis importante é:

Presocráticos: A filosofía iniciase no século VI a.n.e. nas illas gregas e as da costa da actual Turquía. Os primeiros filósofos reciben o nome de **presocráticos** non só porque moitos son cronoloxicamente anteriores a o gran filósofo Sócrates, senón porque dedican o seu pensamento a un tema común que con Sócrates perderase.

Os presocráticos son os primeiros eruditos recoñecidos da historia: son filósofos (pensadores) e son científicos (físicos e matemáticos); porque orixinariamente todo o saber é un só, e denomínase filosofía. O pensamento dos presocráticos xurde da admiración pola beleza e a harmonía da natureza. A súa principal preocupación foi explicar o cosmos: de que está feito? de onde xurde? como se pasa da unidade á multiplicidade? porque cambia continuamente?, que pasa cando as cousas desaparecen. Á natureza os gregos denomináronlle *physis*.

Platón: No século IV a.n.e. aparece un dos filósofos máis transcendentos da historia do pensamento. Platón instaura o **dualismo ontolóxico**: pensa co mundo está separado en dúas realidades ontolóxicas (dous mundos). O mundo das ideas na que viven as esencias puras, os conceptos, as formas; todo o que non ten materia. E o mundo das cousas sensibles (das cousas que captamos a través dos nosos sentidos) ou das sombras ou copias. O primeiro é o mundo real, o mundo do saber auténtico; o segundo é o mundo das aparencias, das opinións, do cambio; un mundo irreal. Os SH vivimos nese segundo mundo e pensamos que é o real porque non coñecemos mais nada.

Antropoloxicamente pensa co SH é dual (**dualismo antropolóxico**): está formado por corpo (que pertence ao mundo sensible) e alma (que habita no mundo das ideas ata que “cae” ao mundo sensible e queda presa nun corpo). Así o corpo é o *cárcere da alma* e non deixa que ascenda ata o mundo das formas. Os corpos como materia que son, morren e destrúense; pero as almas son inmortais. Cando o corpo morre prodúcese a transmigración das almas: a alma pasa a outro corpo.

Platón é o primeiro idealista da historia do pensamento porque é o primeiro filósofo que fala da existencia dunhas formas puras que non teñen materia.

Aristóteles: foi discípulo de Platón pero en idade adulta separouse do seu pensamento e propuxo unha filosofía distinta. A teoría máis importante de Aristóteles é o **hileozoísmo**. Segundo a teoría hileozoísta a materia posúe vida en si mesma, non é materia inerte. O cosmos está formado por materia + forma. A materia é do que está feita cada cousa e a forma é a súa esencia, o que o fai ser tal e como é. Non hai na natureza materia sen forma nen forma sen materias (aquí discrepa claramente do seu mestre que si cría na existencia de formas puras). O SH como parte da natureza tamén ten materia + forma: a materia é o corpo e a forma é a alma. Pero como non hai forma sen materia cando o corpo humano morre tamén morre a alma. Por tanto a alma aristotélica é mortal.

As Escolas Helenísticas: Despois de Aristóteles a filosofía en Atenas empeza a decaer. Os últimos anos aparecen escolas varias (**Epicureísmo, Estoicismo, Escepticismo**). Son escolas éticas que pretenden dar solucións a como debe actuar o SH. Estenderanse durante varios séculos (do II ata o III ne) e conviviran ca primeira filosofía cristiá. Sobreviven ata que o cristianismo acaba con elas.

4.2.- Filosofía medieval.

A filosofía medieval é teoloxía (estudo de Deus). Esténdese dende o século III ata o XIV. Podemos sinalar tres períodos:

- Un primeiro momento breve de loita dialéctica contra as escolas helenísticas
- Un segundo momento que denominamos **Patrística** (do III ata o XI) onde os chamados “pais da Igrexa” crean o dogma cristián e poñen as bases da relixión (ata os séculos V/VI) e a creación dos mosteiros e as ordes relixiosas (séculos VI ata XI). A figura máis importante é Agostiño de Hipona.
- O último momento da filosofía medieval é o que denominamos **Escolástica** (séculos XII ao XIII) onde se crean as primeiras universidades europeas e as ordes eclesiásticas (dominicos e franciscanos) farán delas un campo de batalla. Dedicarán o seu tempo a intentar “demostrar” a existencia de Deus con distintos argumentos. Tomé de Aquino é a figura máis representativa.
- A filosofía medieval finiquítase no século XIV ca figura de **Guillerme de Ockham**.

4.3.- Filosofía Moderna

É un período complexo e moi rico que podemos tamén dividir en tres tramos:

- **Renacemento e humanismo:** durante os séculos XV e XVI. A filosofía sepárase da fe e inicia unha escalada nos ámbitos da matemática, física e astronomía que desencadeará a **Revolución Científica** que culmina en Newton a a lei da Caída dos Graves.
- **Racionalismo e Empirismo:** dos movementos contrapostos que xorden paralelamente no século XVII.

RACIONALISMO	EMPIRISMO
Cre na existencia de Ideas Innatas. Nacemos con elas e son a fonte do noso coñecemento	Non existen as II. A nosa mente nace como unha folla en branco
O coñecemento é froito da razón. Os sentidos engáñannos e non debemos facerlles caso	Todo coñecemento iniciase nos sentidos. Sen eles non hai coñecemento
As Ideas Innatas responden a mesma estrutura ca realidade; o noso coñecemento da realidade é real. Por iso deben postular a existencia de Deus como aquel que creou as dúas cousas e creounas en concordancia.	Non poden garantir a realidade e o coñecemento que temos dela. Pero non precisan da existencia de Deus. Son agnósticos: non teñen argumentos para crer ou negar a existencia de Deus
O coñecemento é real. A ciencia é posible	Actuamos como si existira o coñecemento pero en realidade non temos ningunha seguridade. A relación causa-efecto é unha ilusión humana. A ciencia como coñecemento infalible non existe.

Desenrólase no centro de Europa	Desenrólase nas Illas Británicas
Representantes: Descartes, Espinosa	Representantes: Locke, Hume

- **Ilustración:** último momento da filosofía moderno e punto culminante do optimismo moderno. O período ilustrado caracterízase por un optimismo desmesurado nas posibilidades do SH baseado en:

- Confianza cega na razón: como solución a todos os problemas da humanidade. A través da razón seremos capaces de crear sociedades máis xustas, máis solidarias, sen sufrimento nin guerras.
- Aparición dos DEREITOS UNIVERSAIS.
- Idea de PROGRESO: a humanidade avanza vitoriosa cara a mundos moito mellores.
- Fe na ciencia e na tecnoloxía: aliadas no progreso
- Importancia da EDUCACIÓN que fará que todo SH use correctamente a razón. É o momento da *Enciclopedia* escrita por Diderot e D'Alembert.

- **Kant:** filósofo ilustrado do século XVIII, intenta superar o enfrontamento entre racionalistas e empiristas propio do século anterior:

Non existen as Ideas Innatas
Todo o coñecemento iníciase nos sentidos e sen eles nada poderíamos coñecer
Coñecemos sensiblemente a través das formas a priori do coñecemento sensible: o tempo e o espazo. T/E non existen na realidade, só son a maneira na que a especie humana pode coñecer. Os SH non podemos coñecer fora do E/T. Por tanto non coñecemos a realidade real (<i>Nóumen</i>) só coñecemos a realidade transformada pola nosa maneira de coñecer (Fenómeno)
Pero non todo o coñecemento remata neles. Sobre o coñecemento sensible actúa o noso entendemento
Non todo remata no coñecemento sensible. Unha vez feita a recepción, a nosa mente PENSA (=organiza) ese material en función de como está organizada a nosa mente. O entendemento (facultade ca que pensamos) está organizada en categorías . As categorías non existen fora da nosa mente pero os humanos non podemos pensar fora delas. As categorías son catro: cantidade, cualidade, modo e relación.

4.4.- Filosofía Contemporánea

Período complexo que abarca os séculos XIX a XXI. Un tempo de perda do optimismo e de xiro dende a reflexión como grupo á aparición das ciencias sociais. Establecemos tamén tres períodos:

- **Século XIX** (Karl Marx e Nietzsche)

MARX	NIETZSCHE
A esencia do SH non é a razón senón o traballo. A través do seu traballo transforma a realidade (a través das súas creacións). Traballar é exteriorizarse, mostrar a esencia.	Crítica brutal á sociedade burguesa de finais do século XIX e aos seus valores éticos.

Pero na economía capitalista o SH perdeu a relación: traballo-creación. Sometido ao traballo en cadea, traballa moitas horas e non recoñece o produto resultante do seu traballo como propio. O obreiro alienase.	Estes valores érguense sobre os principios da relixión cristiá que baséase: - na mediocridade - a debilidade - a envexa - e o resentimento Por iso declara A morte de Deus
Na economía capitalista existen dúas clases sociais: a burguesía que posúe os medios de produción (capital+ fábricas) e o proletariado que só posúe a súa forza de traballo. O proletariado cambia traballo por salario pero o burgués non paga todas as horas de traballo. O tempo non remunerado convértese en capital que enriquece a clase dominante e empobrece á traballadora. Plusvalía: traballo co burgués non paga ao obreiro e que se converte en capital.	A morte de Deus significa a maioría de idade do SH. Unha vez proclamado que Deus non existe o home queda só ca súa liberdade, xa non pode apoiar as súas decisións éticas nas normas relixiosas nin morais
O futuro: Marx é optimista. A economía capitalista terá un final. O cambio ten que vir a través da revolución obreira. Despois pasarase a unha economía comunista na que non existe nin a propiedade privada nin o Estado.	Unha vez superado o primeiro momento de desconcerto, xurdirá a figura do superhome; un home libre de normas relixiosas e sociais.

- Século XX:

EXISTENCIALISMO	ESTRUTURALISMO
O SH é un ser sen esencia. A esencia vaise definindo ao longo da existencia. Somo seres para a morte. Nacemos e morremos sen ser decisión nosa. Esta constatación produce angustia vital. A nosa vida é ese breve espazo de tempo entre o nacer e o morrer inexorable. Durante ese tempo estamos condenados/obrigados a elixir continuamente. Estamos condenados a ser libres, a definírnos. A nosa esencia é o noso Proxecto, o que deixaremos para a posteridade.	O SH é o resultado da cultura na que vive. Podemos pois dicir co SH non é un ser libre porque está condicionado por estas estruturas previas (linguaxe, étnia, cultura, época ...) A pesar diso existen unhas estruturas previas propias do SH e por tanto comúns en tódalas culturas que se repiten invariables.
Representantes: Heidegger, Arendt, Sartre, Simone de Beauvoir	Representantes Levi-Strauss Lacan

- **Século XXI:** a filosofía dedícase a temas de ética, de fundamentación do estado e de teorías políticas, teorías sociais, feminismo, dereitos dos animais; e tamén a reflexionar sobre ciencia e tecnoloxía.

- Habermas: fundamentación da ética

- Adela Cortina: ética de mínimos (poñerse de acordo nuns mínimos éticos)

- Judith Butler: Teoría Queer

- Noam Chomsky: teorías políticas

- Antonio Negri: teorías antiglobalización

- Leandro Konder: filosofía do dereito: en que está fundamentado o dereito

5.- FILOSOFÍA E ETNOCENTRISMO

A nosa educación sempre versa ao redor da cultura occidental. Clasificamos e organizamos en función do uso da razón que fixemos en occidente que non é máis que un dos usos posibles. Pero certamente existen outras culturas con outras liñas de pensamento. Ante esta realidade pódense adoptar dúas posicións:

ETNOCENTRISMO FILOSÓFICO	FILOSOFÍA INTERCULTURAL
Postura que analiza calquera pensamento dende o PdV da cultura que estuda	Apertura á maneira de pensar de outras culturas.
Supón que o pensamento occidental é o modelo perfecto dende o que valorar outras maneiras de pensar.	Supón comprender que existen outros usos da razón distintos do occidental
En consecuencia todo debe axustarse a ese modelo. Canto máis se acheguen as outras maneiras de pensar e de entender o mundo á maneira occidental, máis evolucionadas as consideramos.	Non desprestixia a espiritualidade propia de outras culturas porque é outro modo de entender a razón.
Esta visión é propia da modernidade (filosofía moderna)	Eses distintos usos da razón poden afastarse das teorías científica tal como nós as entendemos, pero ese concepto de ciencia (como saber único válido) tamén é relativo á nosa maneira de ver o mundo.
	Non existe unha soa liña de pensamento.
	O progreso, se existe, non ten porque ser progreso occidental.
	Esta visión é propia da postmodernidade (filosofía contemporánea)

5.1.- Características xerais do pensamento fora de occidente

Algunhas diferencias importantes:

- Afástanse do RACIONALISMO tal como occidente o entendeu dende o século Vane. Para o pensamento oriental o uso da razón occidental é un erro, unha visión nesgada, tendenciosa e moi limitada da realidade.

- A MÍSTICA xoga un papel moi importante neses pensamentos: o poder da mente é un elemento construtor da realidade que está moi por enriba da razón (de feito a razón limita o poder da mente).

- Se a realidade é un proceso mental podémola modificar a través do noso pensamento; por exemplo a través da MEDITACIÓN.
- Son filosofías que se achegan ao PANTEISMO: non existe un Deus transcendente; creador e creación son o mesmo; dúas manifestacións da mente.

5.2.- Principais correntes do pensamento oriental

A maioría destas correntes nacen como alternativas a vidas alienadas e entenden o SH dentro dunha estrutura moito máis grande. Pero cos séculos moitas transfórmanse en relixións e vólvense dogmáticas e institucionalizadas perdendo a súa frescura.

- **Budismo**: baseado nas ensinanzas de Siddharte (Orixe: India – século VI a.n.e.).

Todos os seres con conciencia (persoas + animais) viven nun estado de sufrimento neste mundo (este estado é denominado *Samsara*). Neste estado o SH nace, vive con sufrimento, morre e se reencarna continuamente. Para saír de *Samsara* e rematar co sufrimento o SH debe intentar chegar ao *Nirvana* (estado superior que ilumina a mente e da sabedoría).

Cal é o camiño?

- . Non facer dano: *ahimsa* que é un estado de non violencia e respecto pola vida
- . Non caer en excesos: a moderación (o camiño do medio) é a mellor postura

- **Confucionismo**: baseado nas ensinanzas de Confucio (Orixe: China – século VI a.n.e.).

Baseado na piedade, o amor e harmonía familiar e na Lei do ceo ca que debes de vivir en sintonía.

- **Taoísmo**: baseado nas ensinanzas de Lao-Tse (Orixe: China – século VI a.n.e.).

Tao = camiño. A vida é a procura do camiño. Unha vida baseada na naturalidade, simplicidade e espontaneidade a través da compaixón, a fugacidade a humildade. O taoísmo enfatiza a actitude contemplativa e a non-acción.